

Venres, 24 de xaneiro de 2020

Núm. 16

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
BAIONA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APROBACIÓN DAS BASES QUE REXEN O CERTAME DE COMPARSAS DE ENTROIDO
2020*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xaneiro de 2020, aprobáronse as bases reguladoras polas que se convoca o Concurso de Comparsas de Entroido 2020, e se ordena a súa publicación no Bop.

**BASES REGULADORAS POLAS QUE SE CONVOVA DO CONCURSO DE COMPARSAS
DE ENTROIDO 2020 DO CONCELLO DE BAIONA**

1.—OBXECTO DA CONVOCATORIA

Regulación dos premios con motivo do Concurso de Comparsas de Entroido do ano 2020, organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Baiona.

2.—INSCRICIÓN

A inscrición para participar, deberá formalizarse na Oficina de Rexistro do Concello de Baiona en horario de 9 a 14h. ou na súa Sede Electrónica, dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria vía BDNS no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e ata o 13 de febreiro de 2020.

Para participar no concurso de comparsas é preciso aportar a seguinte documentación:

- Solicitud de inscrición segundo modelo no que debe figurar o nome da comparsa, número de membros que a compoñen, (o número máximo que se terá en conta é o que figure na solicitude, salvo que o número de participantes que figure na acta do desfile sexa considerablemente menor). Nome, DNI, enderezo e teléfono do/da representante (de non ser unha asociación constituída) e Nome, CIF, enderezo e teléfono no caso de ser unha asociación legalmente constituída.
- Copia do CIF da Asociación ou DNI dun representante da comparsa no caso de grupos informais.
- Certificado de conta bancaria da Asociación ou dun representante da comparsa no caso de grupos informais.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, seguridade social, Oral e co Concello de Baiona.



Venres, 24 de xaneiro de 2020

Núm. 16

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Destínase un crédito máximo de 6.500,00 € que se imputará á aplicación 334 / 48100 do orzamento de gastos do exercicio 2019 prorrogado para 2020, para os premios aos/ás participantes nos actos programados con motivo do Entroido.

Estes 6.500,00 € distribuiranse segundo os seguintes criterios:

- 1º PREMIO900 EUROS
- 2º PREMIO650 EUROS
- 3º PREMIO500 EUROS
- 4º PREMIO.....400 EUROS
- 5º PREMIO.....300 EUROS

Entre as demais comparsas participantes, repartiranse o resto dos premios (3.750.-€) que se distribuirán de acordo co nº de compoñentes:

- De 81 a 100 compoñentes: 300 euros.
- De 61 a 80 compoñentes: 250 euros.
- De 41 a 60 compoñentes: 200 euros.
- De 21 a 40 compoñentes: 150 euros.
- De 12 a 20 compoñentes: 100 euros.

Establécese un límite máximo de participación de 20 comparsas no Concurso que serán admitidas por rigoroso orde de Rexistro de Entrada.

No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como axudas, excedan a consignación orzamentaria, modificaríanse os importes aplicando reducións porporcionais a cada unha delas.

Sobre as contías destes premios procederase a aplicar os tributos que correspondan.

4.—BENEFICIARIOS

Serán susceptibles de obter os premios regulados nestas bases as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e sen ánimo de lucro, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que, aínda que careza de personalidade xurídica, poida levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da presente subvención, e que cumpran os seguintes requisitos:

- Comparsa: agrupación composta por un mínimo de 12 persoas.
- Participar no desfile organizado o domingo 16 de febreiro de 2020.
- Participar no Enterro da Sardiña que terá lugar o mesmo día, a continuación do desfile, cun mínimo de 10 compoñentes por comparsa. (As comparsas que incumpran este requisito, serán penalizadas cun desconto do 20% sobre a cantidade que lle corresponda).



Venres, 24 de xaneiro de 2020

Núm. 16

5.—DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN

As comparsas concentraranse o domingo 16 de febreiro na Avenida Urbana de Sabarís, á hora indicada pola organización, comezando ás 17 h. o desfile polas rúas da vila, para rematar no Paseo Ribeira, onde o xurado deliberará e acto seguido, entregaranse os premios.

En caso de choiva, o concurso trasladarase ao sábado 7 de marzo de 2020.

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

6.—XURADO

O Xurado estará integrado por persoas do mundo da cultura, o deporte, a música, ás letras, etc., designadas polo Concello de Baiona, e levantará acta do resultado do Concurso.

O xurado ten liberdade absoluta para xulgar aos participantes nas diferentes modalidades a concursar e, en consecuencia conceder os premios e axudas que avalan estas bases, e en todo caso, pode declarar deserto un ou varios premios, así coma, diminuír a contía das axudas outorgadas pola participación, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, como de dificultade, orixinalidade, ou calidade, así como pola non participación no enterro da sardiña, ou a asistencia tardía ao mesmo, ou ao Desfile, ou calquera circunstancia que sexa relevante de penalización.

7.—CRITERIOS DE VALORACIÓN

Establécense os seguintes criterios de valoración das comparsas. En caso de empate, resolverase por sorteo:

<i>Criterios de Valoración</i>	<i>Puntuación máxima</i>
a) Vestiario, máscaras, maquillaxes, ect..axeitados á temática que representen.	Ata 20 puntos
b) Orixinalidade, inxenio, caracterización, instrumentacións, ect..	Ata 20 puntos
c) Actitude no desfile acorde con motivo na exhibición.	Ata 20 puntos
d) Calidade e creatividade na exhibición.	Ata 20 puntos
e) Número de Compoñentes da comparsa.	Ata 20 puntos

Baiona, na data que figura na marxe deste documento, asinado electronicamente.

D. Carlos Gómez Prado, Alcalde do Concello de Baiona.

